



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día cinco de setembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de agosto de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión (non asistiron dona Elisa Pestonit Barreiros e dona Josefa Vázquez Soto), e están hoxe presentes, aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

Non se tratou este punto da orde do día.

### **3º Expedientes de contratación**

**3.1 Adxudicación do programa "Mañanceiro", de protección, vixilancia e almorzo aos escolares de centros públicos de Educación Infantil e Primaria (CEIP) do municipio de Cambre á entidade "A Billarda, S.L." Expediente: 2017/C006/000001.**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de setembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C006/000001 para a adxudicación, mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración), da concesión do programa "Mañanceiro" de protección, vixilancia e almorzo aos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Cambre, cun importe de execución por contrata para os cursos escolares 2017/18 e 2018/2019, prorrogable ao 2019/20, cun importe de execución por contrata para cada curso escolar de 163.138,61 euros IVE incluído, e un valor estimado total do contrato durante toda a súa vixencia de 530.465,63 euros, e que suporá un custo para o Concello de Cambre de 224.796,45 euros IVE incluído, (todo isto segundo tarifas por alumno e centro que constitúen o tipo de licitación)

Vista a proposta de acordos formulada pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre con data do 1 de setembro de 2017, previo informe emitido pola secretaria accidental con data de 30 de agosto de 2017.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día de hoxe.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos nas cláusulas 10.1 e 14.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- ☐☐Cambre Ocio, S.L.
- ☐☐Alimentación Saludable Gallega, S.L.U.
- ☐☐A Billarda, S.L.
- ☐☐Xestión Cultural Áurea, S.L.

**Segundo:** A orde decrecente de clasificación definitiva obtida polas empresas licitadoras definitivamente admitidas, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta o informe emitido o 5 de xullo de 2017 pola animadora deportiva adscrita a Educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas, e o acordo adoptado pola Mesa de Contratación na mesma data, é a seguinte:

Empresas	Puntuación criterio cláusula 14.2.c.b) (Memoria de realización dos traballos)	Puntuación criterio cláusula 14.2.c.a) (Prezo ofertado á baixa sobre as tarifas a aboar polo usuario)	Puntuación total
A Billarda, S.L.	40	58,97	98,97
Alimentación Saludable	40	57,76	97,76



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Gallega, S.L.U.			
Xestión Cultural Área, S.L.	40	56,64	96,64
Cambre Ocio, S.L.	40	53,05	93,05

**Terceiro:** Adxudicar o contrato do “**Concesión do programa “Mañanceiro”, de protección, vixilancia e almorzo aos escolares de centros públicos de Educación Infantil e Primaria (CEIP) do municipio de Cambre**”, á entidade “**A Billarda, S.L.**”, con CIF B-27278845 e domicilio social na rúa Pena do Rei nº 5 – entresollado C, 27002 Lugo nos prezos desagregados que a seguir se relacionan:

#### Tarifas máximas por alumno e centro

MES COMPLETO	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo engadido, 10%)	42 euros	58 euros
Sen almorzo	28 euros	39,30 euros

DÍAS SOLTOS	Centros de 1,5 horas	Centros de 2 horas
Con almorzo (IVE do servizo de almorzo engadido, 10%)	1,80 euros	2 euros
Sen almorzo	1,10 euros	1,20 euros

Os prezos anteriores, desglosado el IVE, son os seguintes:

MES COMPLETO	Centros de 1,5 horas			Centros de 2 horas		
Con almorzo	Almorzo	Acollida e vixilancia	e	Almorzo	Acollida e vixilancia	
	Prezo sen IVE			IVE (10%)	Prezo sen IVE	IVE (10%)
	12,92 €			1,29 €	27,79 €	12,92 €
Sen almorzo	28 €			39,30 €		

DÍAS SOLTOS	Centros de 1,5 horas			Centros de 2 horas		
Con almorzo	Almorzo	Acollida e vixilancia	e	Almorzo	Acollida e vixilancia	
	Prezo sen IVE			IVE (10%)	Prezo sen IVE	IVE (10%)



	0,68 €	0,07 €	1,05 €	0,68 €	0,07 €	1,25 €
<b>Sen almuerzo</b>	1,10 €			1,20 €		

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4 c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) e cláusula 14.2 c) do prego administrativo, atópanse, ademais de na baixa económica ofertada, na "Memoria de execución do programa" presentada (relación de actividades, coordinación do programa e materia prima e material), criterios nos que obtivo a máxima puntuación, todo isto á vista dos informes emitidos os días 13 e o 21 de xullo de 2017 pola animadora deportiva adscrita a educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas. Neste último consta, igualmente, que a oferta non está incursa en baixa temeraria, do que resulta que esta entidade é a que obtén unha maior puntuación, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 14.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, e tendo en conta, así mesmo, a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre o 28 de xullo de 2017.

Así mesmo, segundo se deriva dos informes emitidos con data de 30 de agosto de 2017 pola animadora deportiva adscrita a educación e pola secretaria accidental, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, este deu cumprimento ao requerimento.

**Cuarto:** Notificar os presentes acordos ao adxudicatario, así como a todos os licitadores presentados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Quinto:** Publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

do TRLCSP e cláusula 16.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación.

**Sexto:** Formalizar o contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, publicando seguidamente a formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, na Plataforma de Contratos de Galicia, e máis no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sétimo:** O adxudicatario presentará, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil (que inclúa RC explotación, RC produtos, e RC locativa), para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de responsabilidade civil da actividade obxecto do contrato e a responsabilidade patronal, con inclusión específica, como asegurado adicional, ao Concello de Cambre, cunha contía mínima de **600.000 euros por sinistro** e un sublímite mínimo de **300.000 euros por vítima**. Tamén presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da dita póliza (cláusulas 28.2 do prego administrativo regulador do contrato).

Así mesmo, de conformidade coa cláusula 15, documentación do artigo 151.2 do TRLCSP, letra C, punto 1., do prego de cláusulas administrativas particulares, “no caso do personal subrogado, os contratos laborais de dito personal presentaranse á firma do contrato administrativo entre o Concello e a empresa concesionaria. Para o caso de que non se leve a cabo a subrogación de algún/ha dos/das traballadores/as que se fan constar no anexo 6, indicaranse as causas, achegando a documentación xustificativa”.

**Oitavo:** Désígnase responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do TRLCSP, e de conformidade co establecido na cláusula 18 do prego administrativo, ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, ao que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno:** De conformidade co establecido no artigo 103 do TRLCSP e na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, declarar extinguidas e levar a cabo a devolución ás tres entidades licitadoras participantes que non resultaron adxudicatarias, das garantías provisionais depositadas no presente procedemento, por importe de 14.467,24 euros cada unha, acordando, así mesmo, a cancelación e devolución da garantía provisional depositada pola entidade adxudicataria, “A Billarda, S.L.”, toda vez que esta entidade constituíu unha nova garantía definitiva.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**4º Extinción do dereito real de superficie constituído na parcela con referencia catastral 15017A090000300000MU, sita no lugar da Rocha, Anceis, e recepción a aceptación da pista polideportiva cuberta construída sobre a mesma parcela.**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 1 de setembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data de 23 de maio de 2017, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptouse o acordo que literalmente se transcribe a continuación:

**“Primeiro:** *Aceptar a constitución dun dereito real de superficie, a título gratuito, sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, con referencia catastral 15017A090000300000MU, cunha superficie de trinta áreas e oitenta e dúas centiáreas, en virtude do cal a “Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis” (en adiante, o superficiario) adquire a facultade de levar a cabo as obras que se describen no proxecto que consta no expediente, elaborado polo enxeñeiro industrial, don Ramiro Calvo Saavedra, mantendo a súa titularidade ata que a obra sexa debidamente finalizada e recepcionada polo Concello de Cambre (en adiante, a propiedade), momento no que se extinguirá o dereito de superficie revertindo na propiedade a construción realizada, do que quedará constancia por escrito.*

*A tal fin, o superficiario presentará no Rexistro Xeral do Concello de Cambre a solicitude de recepción de dita obra, achegando a certificación final da mesma, que será resolta polo órgano competente do Concello de Cambre previo o informe técnico que corresponda.*

*O dereito de superficie constituído rexeráse polas disposicións establecidas nos artigos 53 e 54 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, pola lexislación civil no non previsto por esta e polas seguintes cláusulas:*

*Primeira: O dereito de superficie non será susceptible de transmisión nin gravame e extingúese se non se constrúe de conformidade coa ordenación territorial e urbanística e, en todo caso, polo transcurso do prazo de duración do dereito.*

*Segundo: É obriga do superficiario solicitar as licenzas e autorizacións que correspondan.*

*Terceiro: Corren a cargo da propiedade os gastos derivados da formalización en escritura pública e inscrición desta no Rexistro da Propiedade, requisitos necesarios para a válida constitución do dereito de superficie.*

*Cuarto: Á extinción do dereito de superficie polo transcurso do seu prazo de duración, o propietario do chan fai súa a propiedade do construído sen que deba satisfacer indemnización algunha.*

*A extinción do dereito de superficie polo transcurso do seu prazo de duración determina a de toda clase de dereitos reais ou persoais impostos polo superficiario.*

**Segundo:** *Formalizar en escritura pública o dereito de superficie constituído, requisito de carácter constitutivo que condiciona a súa validez e eficacia, facendo constar que que, unha*





vez construída a obra e recepcionada polo Concello, previos os informes técnicos oportunos, o Concello de Cambre fará súa a propiedade da pista polideportiva cuberta construída pola Asociación no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, sen que teña que satisfacer indemnización algunha á Asociación por dita obra.

**Terceiro:** Inscribir o dereito de superficie constituído no Rexistro da Propiedade, así como no Inventario de Bens Municipais que se está a elaborar.

**Cuarto:** Notificar ao departamento de urbanismo así como aos interesados indicándolles que este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa...”.

Visto que con data de 28 de 2017 rexistrouse de entrada, ao número 0/7477, escrito a instancia de don Julio Varela Cañás, con DNI 32313383Q, en representación da “Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis”, no que expón:

“... en cumprimento do acordo da Xunta de de Goberno Local de data 23 de maio de 2017, respecto da constitución dun dereito real de superficie no lugar da Rocha, Anceis, para a construción dunha pista polideportiva cuberta, que no seu acordo primeiro, parágrafo segundo establece:

“o superficiario presentará no rexistro xeral do Concello de Cambre a recepción de dita obra, achegando a certificación final da mesma, que será resolta polo órgano competente do concello previo informe técnico que corresponda.”

Presenta solicitude de recepción de dita obra, os efectos expresados con anterioridade, toda vez que o certificado fin de obra xa foi presentado polo técnico competente, don Ramiro Calvo Saavedra, o día 17 de agosto de 2017 no concello e con rexistro de entrada 4/1456”.

Visto que con data de 17 de agosto de 2017 rexistrouse de entrada, ao número 4/1456, o certificado de fin de obra emitido por don Ramiro Calvo Saavedra o día 11 de agosto actual.

Visto que con data de 24 de agosto actual emítese informe pola arquitecta técnica municipal que literalmente se transcribe a continuación:

<b>“EXPEDIENT E</b>	<b>2017/U026/000101</b>	<b>DATA</b>	<b>24-08-2017</b>
---------------------	-------------------------	-------------	-------------------

<b>SOLICITANTE</b>	Julio Varela Cañás, en representación
<b>PROMOTOR</b>	Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis
<b>SITUACIÓN</b>	A Rocha, Anceis (ref. catastral: 15017A090000300000MU)
<b>CUALIFICACIÓN SOLO</b>	Rústico de protección ordinaria
<b>ORDENANZA</b>	Capítulo XXV – Normas subsidiarias municipais
<b>ORZAMENTO E.M.</b>	342.558,43 €



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

<b>PROXECTO</b>	<i>Proxecto básico e de execución</i>	<i>Si</i>
<b>DOCUMENTO</b>	<i>"Proyecto básico y de ejecución pista polideportiva cubierta"</i>	
<b>REDACTOR.</b>	<i>Ramiro Calvo Saavedra – Enxeñeiro industrial</i>	
<b>TITULACIÓN</b>		

<b>OBRA</b>	<i>Construción de pista polideportiva cuberta</i>
-------------	---

*Con data 22/08/2017, o concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, requíreme para que verifique in situ que o construído se axusta ao proxecto presentado na comunicación previa 2017/U026/000101 de data 04/05/2017 (nºre: 04/737), instruída a instancia de Julio Varela Cañas, en representación da Asociación Cultural de Anceis e co fin de dar cumprimento ao parágrafo segundo do acordo primeiro da Xunta de Goberno Local de 23/05/2017, respecto da constitución dun dereito real de superficie no lugar da Rocha, Anceis, para a construción dunha pista polideportiva.*

*Cursada vista de comprobación con data 24/08/2017, as obras realizadas se axustan ao proxecto presentado no expediente de referencia".*

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 31 de agosto de 2017.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do día de hoxe.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Declarar a extinción do dereito real de superficie constituído mediante acordo deste órgano con data de 23 de maio de 2017, a título gratuito, sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, con referencia catastral 15017A090000300000MU, cunha superficie de trinta áreas e oitenta e dúas centiáreas, a prol da "Asociación Cultural e de Ocio San Antonio de Anceis", onde se levaron a cabo as obras que se describen no "*Proxecto básico e de execución pista polideportiva cuberta*" elaborado polo enxeñeiro industrial don Ramiro Calvo Saavedra.

**Segundo:** Recepcionar e aceptar a propiedade da citada pista polideportiva cuberta construída sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar de A Rocha, parroquia de Anceis, con referencia catastral 15017A090000300000MU.

**Terceiro:** Inscribir a pista polideportiva cuberta recepcionada no Inventario de Bens e Dereitos deste Concello así como no Rexistro da Propiedade.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Cuarto:** Notificar ao departamento de urbanismo así como aos interesados indicándolles que este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015). O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **5º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 25 ao 31 de agosto do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1555/2017 e remata coa resolución da Alcaldía número 1583/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1555/2017	25/08/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 7/2017. Estudos e traballos técnicos Urbanismo por un importe total de 33.221,33 euros
1556/2017	25/08/2017	Expediente de declaración de ruína 2014/I002/000070 de edificación sita en Peiraió, Bribes
1557/2017	25/08/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2017
1558/2017	25/08/2017	Denegación axuda aluguer por non constituír unha solución axeitada Solicitante: MVRS
1559/2017	25/08/2017	Pagamento nómina de agosto de 2017 por un importe de 346.034,95 euros
1560/2017	25/08/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao programa "Campamento Urbano de Verán 2017-3ª quincena" por un importe total de 5.708,50 euros (4.704,50 euros relativos ás actividades e 1.004,00 euros relativos ás taxas do comedor)
1561/2017	25/08/2017	Aprobar as liquidacións do prezo público correspondente ao programa "Campamento Urbano de Verán 2017-4ª quincena"



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		por un importe total de 4.840,00 euros (3.986,40 euros relativos ás actividades e 853,60 euros relativos ás taxas do comedor)
1562/2017	25/08/2017	Comparecencia no procedemento abreviado número 0000099/2017. Recurrente: JMBC, en relación con filtracións no trasteiro da súa propiedade sito na rúa Río Brexa debido ao mal estado da beirarrúa e das macetas decorativas Expdte.2015/P001/000010
1563/2017	28/08/2017	Expediente de disciplina urbanística por incremento de altura de cerramento e realización de construción anexa á vivenda en finca sita en Graduil, Cambre Propiedade: MCO e JCO
1564/2017	28/08/2017	Concesión de autorización para o exercicio da venda ambulante na feira do Temple
1565/2017	28/08/2017	Festival de muralismo CROMÁTICO Mural Fest. Progama MOCEARTE 2017
1566/2017	29/08/2017	Celebración voda civil de AMª BR e SGG o día 1 de setembro ás 13:00 horas
1567/2017	29/08/2017	Voda civil de TdeJLS e JESR o 2 de setembro ás 12:30 horas
1568/2017	29/08/2017	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2017 por importe de total de 7390,03 euros
1569/2017	29/08/2017	Voda civil de ETR e FBS o 2 de setembro ás 13:30 horas
1570/2017	29/08/2017	Nomeamento funcionario interino de auxiliar administrativo por acumulación de tarefas en intervención EAC
1571/2017	29/08/2017	Declaración ruína expediente 2017/I002/33
1572/2017	30/08/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 111.316,50 euros
1573/2017	30/08/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 78.604,72 euros
1574/2017	30/08/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P 4206)
1575/2017	30/08/2017	Convocatoria Xunta Voceiros extraordinaria o 7 de setembro de 2017
1576/2017	30/08/2017	Resolver a renuncia solicitada con data 22/06/2017 e número de rexistro de entrada 3/1249 á axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal. Solicitante: VNP
1577/2017	30/08/2017	Concesión de prazo para emenda documentación sobre A no procedemento negociado sen publicidade para contratación da obra denominada "Ampliación e reforma do parque infantil oeste da Barcala", incluída no "POS+ 2017"
1578/2017	30/08/2017	Concesión de prazo para emenda documentación sobre "A" no procedemento negociado sen publicidade para contratación da obra denominada "Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)"
1579/2017	30/08/2017	Concesión de prazo para emenda documentación sobre "A" no



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		procedemento negociado sen publicidade para contratación da obra denominada "Mellora das pistas descubertas do Parque Ramón Barba (O Temple) e A Barcala", incluída no POS 2017, da excma. Deputación provincial da Coruña"
1580/2017	30/08/2017	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Mesa de Contratación Permanente
1581/2017	31/08/2017	Alta no servizo de axuda no fogar JAL
1582/2017	31/08/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 4201) A12
1583/2017	31/08/2017	Inspección tributaria: inicio de actuacións inspectoras. requirimento de documentación. Procedemento: P.I. 1/2017

## 6º. Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Dende a concellería de Movemento Asociativo:

- A Asc. Nova Cultural 3 Idade da Barcala veu a solicitar a wifi para o local para as clases que se imparten no local.
- A Asc. Avepace de Pravio chamoulle para unha roza e un punto de luz no parque infantil. De seguido enviou un correo a Obras e Servizos.
- O día 02/09, trasladouse ao salón de plenos do Concello, para a celebración das dúas vodas civís, unha ás 12:30 e a outra ás 13:30. Finalizado o acto desprazouse á localidade de Pravio para acompañar a Asociación de veciños nunha comida solidaria, con entrega de alimentos non perecedoiros, que o luns día 4 se recolleron.
- Ás 21 horas trasladouse ao auditorio de igrexa de Cambre para asistir a "Noite de Fados", coa intervención da fadista Ana Lains, acompañada pola orquestra Sementeira de Cambre e o pianista portugués Paulo Loureiro.
- O domingo día 3 trasladouse a Cela á churrascada da festa.

### Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 31 de agosto, ás 10.00 horas mantivo unha reunión con dona Maria Carmen Fernández Barallobre, presidenta da comunidade de garaxes na rúa Celso Emilio Ferreiro, do Temple, xa que se verán afectados pola feira do Temple.
- O día 1 de setembro, ás 12.00 horas presentouse ao medios a feira do Temple.
- O día 1 de setembro, ás 13.00 horas casou dos veciños no salón de plenos do concello.

### Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio



Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP OMIX Cambre: descargas: 1986; total visitas: 27.800
- sábado, 2 de setembro: comezou o curso de monitores na Casa da Xuventude. Ocupáronse todas as prazas
- sábado, 9 de setembro: ruta de sendeirismo a Ribadavia.
- Muralismo: cromática mural fest: En resumo, foi unha boa actividade que xerou expectativas e expectación. Aparte dalgúns retoques, cre que sería importante cambiar as datas.
- Actividades da OMIX no outono: Xa están convocadas as actividades que requiren inscrición. O prazo para apuntarse comezou onte e remata o día 13. As actividades son as seguintes:
  - Programa TDI. Finde xuvenil na illa de San Simón 29 de setembro ao 1 de outubro.
  - Programa Trans-Formate. Obradoiros de emancipación varios sábados de outubro e novembro.
  - Programa Vente de marcha. Ruta CXXX. Castelos de Friol, domingo 22 outubro e Ruta CXXXI. Castelos dos Ancares os días 18 e 19 de novembro.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta dos seguintes asuntos:

- Asistiu o sábado día 2 ao xantar solidario organizado polas asociacións Avepace e Ganduxo de Pravio.
- Asistiu o sábado 2 ao concerto extraordinario de Sementeira celebrado no anfiteatro do parque da Igrexa de Cambre.
- Asistiu o domingo día 3 ao encontro veciñal de Cela organizado pola asociación de veciños de Cela.
- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:
  - Asistiu o sábado día 2 ao xantar solidario organizado polas asociacións Avepace e Ganduxo de Pravio.
  - Asistiu o sábado 2 o XVII Gran Premio Mini BTT Concello de Cambre , organizado polo Club Ciclista Cambre, nas inmediacións do campo de fútbol Dani Mallo.
  - Asistiu o domingo día 3 ao encontro veciñal de Cela organizado pola asociación de veciños de Cela.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Adxudicación da obra denominada “Nova rede de pluviais no Polígono Industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, obra incluída no Plan provincial de cooperación de obras e servizos de contrata (POS) Adicional 1/2013, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, á entidade “Alvac, S.A.” no prezo ofertado de 114.588,76 euros (IVE incluído).

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

**Único: Adxudicación da obra denominada “Nova rede de pluviais no Polígono Industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, obra incluída no Plan provincial de cooperación de obras e servizos de contrata (POS) Adicional 1/2013, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, á entidade “Alvac, S.A.” no prezo ofertado de 114.588,76 euros (IVE incluído).**

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de setembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000002 para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra denominada “*Proxecto modificado nº 1 : Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012*”, incluída no Plan provincial de cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado do contrato de 164.793,71 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 166.166,99 euros, IVE incluído.

Visto o informe emitido con data de 27 de xullo de 2017 pola técnica de xestión de xestión de administración xeral no que se propón admitir no procedemento a todas as empresas licitadoras, que de seguido se relacionan:

- Obras y Saneamientos Galicia SL
- SYR AMG
- IAM Rumbo
- GR Construcciones, Obras y Servicios
- CANARGA Construcciones
- OVIGA
- Eulogio Viñal, Obras y Construcciones SA
- ASOGAL
- Excavaciones J. CANCELA Esmoris SL
- Construcciones Leonardo Miguez SL
- ARCE Jardineria
- EXCOMEL SL
- CANDAL Excavaciones y Obras SL
- ALVAC
- Construcciones Ponciano Nieto



Visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da sección de servizos, con data de 4 de agosto de 2017 respecto da valoración das referencias técnicas incluídas no sobre B, no que se conclúe:

Proyecto Modificado nº 1. Nueva red de Pluviales en el Polígono Industrial del Temple y redes de abastecimiento en la Pega (Cambre) y Apartada (San Lorenzo)	Programa de trabajo (Máx 20 ptos):	Porcentaje de control de calidad (Máx 15 ptos):	Redución de plazos de ejecución (Máx 25 ptos):	Sobre B (Máx 60 ptos):
Obras y Saneamientos Galicia SL	0,25	15,00	19,80	<b>35,05</b>
SYR AMG	3,50	15,00	19,80	<b>38,30</b>
IAM Rumbo	15,00	9,00	19,03	<b>43,03</b>
GR Construcciones, Obras y Servicios	3,75	15,00	19,03	<b>37,78</b>
CANARGA Construcciones	16,13	15,00	8,28	<b>39,41</b>
OVIGA	10,00	15,00	19,40	<b>44,40</b>
Eulogio Viñal, Obras y Construcciones SA	11,00	15,00	19,80	<b>45,80</b>
ASOGAL	2,88	15,00	19,80	<b>37,68</b>
Excavaciones J. CANCELA Esmoris SL	8,42	15,00	21,80	<b>45,22</b>
Construcciones Leonardo Miguelez SL	8,25	15,00	19,40	<b>42,65</b>
ARCE Jardineria	3,75	15,00	22,45	<b>41,20</b>
EXCOMEL SL	2,38	9,00	19,80	<b>31,18</b>
CANDAL Excavaciones y Obras SL	11,21	15,00	13,65	<b>39,86</b>
ALVAC	14,00	15,00	25,00	<b>54,00</b>
Construcciones Ponciano Nieto	13,79	15,00	23,08	<b>51,87</b>

Visto o informe emitido con data de 8 de agosto de 2017 pola secretaria accidental no que, unha vez abertos os sobres C e efectuada inmediatamente a comprobación matemática de todas as ofertas, conclúe que "a presentada por "Obras y Saneamientos Galicia, S.L." non é correcta xa que non coincide a suma dos importes que se conteñen na mesma, polo que estaría incursa no suposto previsto na cláusula 15.6 "Rexeitamento de proposicións" e no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas ("Art. 84. Rexeitamento de proposicións. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do orzamento base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existira coñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada. Pola contra, o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo, con tal que o un ou a outra non alteren o seu sentido, non será causa bastante para o rexeitamento da proposición"), polo que





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

debe ser rexeitada” e, seguidamente, da traslado dos sobres C ao comité de valoración para emitir informe respecto do criterio de “Oferta Económica” (valorable ata un total de 40 puntos), e determinación das puntuacións totais que resulten da primeira fase de negociación contemplada na cláusula 15.4.1 do prego administrativo.

Visto o informe emitido polo comité de valoración con data de 11 de agosto actual do que, tendo en conta a valoración anterior respecto do sobre B, se derivan as seguintes puntuacións:

	Nome da entidade	Programa de traballo (Máx 20 ptos):	Porcentaxe de control de calidade (Máx 15 ptos):	Redución de prazos de execución (Máx 25 ptos):	Sobre B (Máx 60 ptos):	Puntuación oferta económica sobre C: (Máx 40 ptos):	Puntuación total
1	Alvac, S.A.	14,00	15,00	25,00	54,00	40,00	94,00
2	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	11,00	15,00	19,80	45,80	19,12	64,92
3	Asogal, S.L.	2,88	15,00	19,80	37,68	23,17	60,85
4	Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA)	10,00	15,00	19,40	44,40	11,90	56,30
5	Ponciano Nieto, S.L.	13,79	15,00	23,08	51,87	2,37	54,24
6	Jardinería Arce, S.L.	3,75	15,00	22,45	41,20	11,85	52,85
7	Canarga, S.L.	16,13	15,00	8,28	39,41	11,85	51,26
8	SYR-AMG, S.L.U.	3,50	15,00	19,80	38,30	11,85	50,15
9	Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.	8,42	15,00	21,80	45,22	4,74	49,96
10	GR Construcciones, Obras y Servicios, S.A.	3,75	15,00	19,03	37,78	11,85	49,63
11	Excavaciones y Obras Candal, S.L.	11,21	15,00	13,65	39,86	7,88	47,74
12	IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.	15,00	9,00	19,03	43,03	4,27	47,30
13	Excavaciones y Obras Melchor, S.L.	2,38	9,00	19,800	31,18	12,09	43,27
14	Construcciones Leonardo Míguez, S.L.	8,25	15,00	19,40	42,65	0,39	43,04

Visto o informe emitido con data de 28 de agosto polo mesmo órgano colexiado respecto da valoración das ofertas presentadas polos licitadores na segunda volta do procedemento, do que se derivan as seguintes puntuacións:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso								
PROXECTO MODIFICADO Nº1: NOVA REDE DE PLUVIAIS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO TEMPLE E REDES DE ABASTECEMENTO NA PEGA (CAMBRE) E APARTADA (SAN LORENZO)								
Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)		Límite Oferta Temeraria		
166,166.99 €		40 puntos	134,639.53 €	125,368.52 €		112,831.67 €		
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	PONCIANO NIETO S.L.	125,140.37	24.69	51.87	31.23	Non	Non	83.10
2	ALVAC S.A.	114,588.76	31.04	54.00	37.70	Non	Non	91.70
3	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	133,346.04	19.75	39.88	26.19	Non	Non	66.05
4	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.	157,692.48	5.10	31.18	6.83	Non	Si	38.01
5	JARDINERIA ARCE S.L.	122,132.73	26.50	41.20	33.07	Non	Non	74.27
6	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.	115,153.73	30.70	42.65	37.35	Non	Non	80.00
7	EXAVACIONES J. CANCELA S.L.	110,836.71	33.30	45.22	40.00	Si	Non	85.22
8	ASOGAL S.L.	142,780.00	14.07	37.68	18.84	Non	Non	56.52
9	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	126,785.41	23.70	45.80	30.22	Non	Non	76.02
10	OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	124,420.00	25.12	44.40	31.67	Non	Non	76.07
11	CANARGA S.L.	157,858.64	5.00	39.41	6.69	Non	Si	46.10
12	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	157,858.52	5.00	37.78	6.69	Non	Si	44.47
13	IAM RUMBO ONSTALACIONES Y OBAR S.L.	138,501.44	16.65	43.03	22.29	Non	Non	65.32
14	SYR-AMG S.L.U.	157,858.55	5.00	38.30	6.69	Non	Si	44.99

Visto que no mesmo informe se conclúe que “á vista dos resultados a empresa que máis puntuación obtivo foi “ALVAC S.A.” cun total de **91,70 puntos, non incurrindo en baixa temeraria”**.

Visto que, requerido o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa para que achegase a documentación previa prevista na cláusula 16 do prego de cláusulas admistrativas particulares e no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos de Sector Público, deu cumprimento ao requerido dentro do prazo establecido ao efecto.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras municipal con data de 1 de setembro actual no que se *“informa que a empresa ALVAC, S.A acredita a solvencia técnica, en base ao punto F da cláusula 16 do prego de clausulas administrativas particulares que habran de regir para a contratación, da obra “PROYECTO MODIFICADO Nº1: NUEVA RED DE PLUVIALES EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DEL TEMPLE Y REDES DE ABASTECIMIENTO EN LA PEGA (CAMBRE) Y APARTADA (SAN LORENZO), CAMBRE 2012”*.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 4 de setembro de 2017.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.



Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela aos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Alvac, S.A.
- Excavaciones y Obras Candal, S.L.
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L.
- Jardinería Arce, S.L.
- Construcciones Leonardo Míguez, S.L.
- Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.
- Asogal Construcciones, S.L.
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.
- OVIGA, Obras y Viales de Galicia, S.L.
- Canarga, S.L.
- GR Construcciones y Servicios, S.L.
- IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.
- SY-AMG, S.L.U.
- Obras y Saneamientos Galicia, S.L.

**Segundo:** Rexeitar a oferta presentada por “Obras y Saneamientos Galicia, S.L.” xa que, segundo se deriva do informe emitido pola secretaria accidental con data de 8 de agosto de 2017, non é correcta pois non coincide a suma dos importes que se conteñen na mesma, polo que estaría incurso no suposto previsto na cláusula 15.6 “Rexeitamento de proposicións” e no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Terceiro:** Aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas e tendo en conta os criterios de adjudicación establecidos no anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso**  
PROXECTO MODIFICADO Nº1: NOVA REDE DE PLUVIAIS NO POLÍGONO INSUTRIAL DO TEMPLE E REDES DE ABASTECEMENTO NA PEGA (CAMBRE) E APARTADA (SAN LORENZO)

Prezo de Licitación	Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Límite Oferta Temeraria
166,166.99 €	40 puntos	134,639.53 €	125,368.52 €	112,831.67 €

Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	PONCIANO NIETO S.L.	125,140.37	24.69	51.87	31.23	Non	Non	83.10
2	ALVAC S.A.	114,588.76	31.04	54.00	37.70	Non	Non	91.70
3	EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL S.L.	133,346.04	19.75	39.86	26.19	Non	Non	66.05
4	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.	157,692.48	5.10	31.18	6.83	Non	Si	38.01
5	JARDINERIA ARCE S.L.	122,132.73	26.50	41.20	33.07	Non	Non	74.27
6	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ S.L.	115,153.73	30.70	42.65	37.35	Non	Non	80.00
7	EXAVACIONES J. CANCELA S.L.	110,836.71	33.30	45.22	40.00	Si	Non	85.22
8	ASOGAL S.L.	142,780.00	14.07	37.68	18.84	Non	Non	56.52
9	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.	126,785.41	23.70	45.80	30.22	Non	Non	76.02
10	OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	124,420.00	25.12	44.40	31.67	Non	Non	76.07
11	CANARGA S.L.	157,858.64	5.00	39.41	6.69	Non	Si	46.10
12	GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	157,858.52	5.00	37.78	6.69	Non	Si	44.47
13	IAM RUMBO ONSTALACIONES Y OBARS S.L.	138,501.44	16.65	43.03	22.29	Non	Non	65.32
14	SYR-AMG S.L.U.	157,858.55	5.00	38.30	6.69	Non	Si	44.99

**Cuarto:** Adjudicar o contrato da obra denominada **“Nova rede de pluviais no Polígono Industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San lourenzo), Cambre 2012”**, obra incluída no Plan provincial de cooperación de obras e servizos de contrata (POS) Adicional 1/2013, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, cun importe de execución por contrata de 166.166,99 euros IVE incluído, á entidade “Alvac, S.A.”, con NIF: A-40015851 e domicilio social no polígono de Bergondo, parroquia de Bergondo, parcela R-29, local 1 e 2, 15.165 Bergondo, no prezo ofertado de 114.588,76 euros (IVE incluído), por ser a entidade que presentou a oferta económica máis vantaxosa, segundo o informe porposta emitido polo comité de valoración con data 28 de agosto de 2017.

**Quinto:** Notificar os presentes acordos aos candidatos presentados, e publicar simultaneamente a adjudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusulas 16.4 e 16.5 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación.

**Sexto:** Formalizar o contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adjudicación, publicando seguidamente a formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, na Plataforma de Contratos de Galicia, e máis no





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

*Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

**Sétimo:** Designar como director da obra a don Manuel Ángel Pisos Veiga, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con número de Colexiado 8465, designado pola entidade FONTIBRE PROYECTOS, S.L., adxudicataria do servizo denominado Asistencia técnica para a redacción, dirección e coordinación de varias obras, segundo se deriva do expediente de contratación menor 2015/C002/000005 aprobado mediante Resolución do Concelleiro delegado da área de obras e servizos nº 340/2015 de data 27 de febreiro, corrixida mediante Resolución do mesmo concelleiro número 363/2015, de 4 de marzo.

**Oitavo:** A coordinación de seguridade e saúde da obra correspóndelle a don Manuel Ángel Pisos Veiga, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con número de Colexiado 8465, designado pola entidade FONTIBRE PROYECTOS, S.L., adxudicataria do servizo denominado Asistencia técnica para a redacción, dirección e coordinación de varias obras, segundo se deriva do expediente de contratación menor 2015/C002/000005 aprobado mediante Resolución do Concelleiro delegado da área de obras e servizos nº 340/2015 de data 27 de febreiro, corrixida mediante Resolución do mesmo concelleiro número 363/2015, de 4 de marzo.

**Noveno:** Désígnase responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Óscar A. García Patiño

Verónica María Otero López